

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE ABRIL DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a: MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día dezasete de abril de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (11/02/2008 e 28/03/2008)

Dáse conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día once de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de marzo do ano que andamos, que logo de facer as correccións que de seguido se relacionan, apróbase por unanimidade dos asistentes:

*No punto 7º (Moción do PP en relación á planta de biogás), no parágrafo 16, debe dicir "O Sr. Martínez contesta que si sabían que non se podía ubicar ¿Por que presentaron a documentación e non se publicitou nos taboleiros para información de todos os veciños?"

No mesmo punto 7ª, parágrafo 18 , onde di “empresas” debe dicir “industrias”

No punto 7º, parágrafo 19, despois de “formal”, debe engadirse “dos veciños” e despois de “concreto” debe engadirse “senón anteproxecto”

En canto á intervención de dona Xosefina R. Guitián no mesmo punto 7º, relativo á moción do PP sobre da planta de biogás, debe dicir “ dona Xosefina R. Guitián do BNG expón en 1º lugar, para evitar malentendidos ante o que vai dicir despois, que o BNG non apoia esa planta, con esas dimensións, no lugar proposto, á ladeira da Serra, polo seu innegable impacto visual e paisaxístico. Canto aos olores e contaminación, de momento, ao estarmos nunha fase previa, faltan datos; e manifesta que as plantas de tratamento de lodos, en principio, as entendemos como positivas pois buscan dar solución a un problema existente.”

Polo que respecta ás preguntas formuladas pola mesma concelleira, debe figurar:

“Na pregunta 3ª: Se é conforme a legalidade que 4 días para a presentación de instancias nunha convocatoria de prazas”

“Na pregunta 5ª:- pregunta polo proxecto da Casa de Estación de Santa Cruz de Ribadulla dado que esa edificación está en estado de abandono e deteriorada.”

Á solicitude do Sr. Albela de TEGA, e na intervención da Presidencia debe figurar: “os veciños poden estar tranquilos porque a planta non se vai instalar”

2º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención á Consellería de Cultura e Deporte para o proxecto de instalacións deportivas en San Fins de Sales

Dáse conta da Orde da Consellería de Cultura e Deportes, do 5 de marzo de 2008, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de infraestructuras deportivas de titularidade pública ou privada e para a adquisición de equipamentos deportivos e pola que se convocan as correspondentes ó ano 2008 (DOG num. 50/08, do 11 de marzo).

Ó abeiro da mesma, propónse:

1º.- Aprobar o proxecto de *instalacións deportivas en San Fins de Sales e a memoria valorada para a construción de vestiarios en San Fins de Sales*

2º.- Aprobar a realización das obras comprendidas no proxecto e memoria do punto anterior e as seguintes condicións de financiamento:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA CONCELLO
679.316,53	543.453,22	135.863,3

Dona Xosefina R. Guitián do BNG solicítalle aclaración ó concelleiro de Deportes sobre da posibilidade de obter o financiamento solicitado dentro desta convocatoria dada a súa cuantía ó tempo que felicita á corporación polo

consenso acadado e por darlle cabida ó Club Olímpico de San Fins e á Asociación de Veciños.

O Sr. Sánchez dá unha explicación sobre da solicitude de subvención e proxecto presentado dentro da convocatoria, explicando que en función do importe que concedan se terá que levar por fases o proxecto. Así mesmo manifesta a conveniencia de solicitar unha reunión coa Dirección Xeral de Deportes para poder obter subvención suficiente para poder levar a cabo as instalacións

Pola súa parte o Sr. Albela de TEGA solicita que se se financia por anualidades, estas queden ben definidas

O Sr. Martínez do PP únese ós comentarios da oposición e arenga ó equipo de goberno para que manteña as reunións que fagan falta na Xunta para que se poida dispor das instalacións aínda que sexa en máis dunha fase.

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes

3º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do concurso para a asistencia para a redacción do plan de sectorización coa documentación para a súa avaliación estratéxica ambiental e dos proxectos de urbanización e de reparcelación, do solo urbanizable non delimitado SUND-4, Parque Empresarial de Vedra.

Retírase da orde do día a espera de que se concrete o convenio cos propietarios das parcelas.

4º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ó manifesto polo dereito a vivirmos en galego da Mesa de Normalización Lingüística

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta do escrito 726/08 presentado polo BNG solicitando á adhesión da corporación municipal ó manifesto *Polo dereito a vivirmos en galego* da Mesa pola Normalización Lingüística, que di o seguinte:

As persoas e entidades que apoiamos a manifestación nacional "Polo dereito a vivirmos en galegos" este 18 de maio de 2008, declaramos:

1) Consideramos que vivir en galego é un dereito inalienábel das persoas na Galiza, e un dos dereitos humanos elementais que temos como pobo. Lembramos que o galego é o único idioma natural de Galiza, e que mesmo o Estatuto de Autonomía o cualifica como "a lingua propia" do país, o que nos une como galegas e como galegos. O pobo galego ten dereito a que a súa lingua ocupe todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma, con dignidade e con normalidade.

2) Consecuentemente, deben existir as garantías para podermos vivir en galego, o que esixe compromisos, así como a aplicación e a adopción das disposicións legais necesarias por parte das Administracións públicas

3) Denunciamos e alertamos contra os que, apúntandose agora á defensa dun suposto bilingüismo dunha soa cara, pretenden unicamente o mantemento da diglosia e a desaparición do galego. Ou, o que é o mesmo, a negación do dereito colectivo á normalidade de usos da nosa lingua en todos os ámbitos.

4) Chamamos ao compromiso persoal de todas e todos coa lingua galega. Usémola en todos os ámbitos: comezando pola familia, coas nosas nenas e nenos, no noso traballo, nas relacións coa administración, no noso tempo de lecer, etc. O futuro do galego depende de nós.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG pide disculpas pola premura na súa presentación e realiza unha exposición sobre o seu contido e solicita o apoio da corporación ó mesmo.

O Sr. Albela de TEGA expón que o seu grupo, como nacionalista e galegista que é, defende o bilingüismo, pero non apoia a redacción do manifesto, polo tanto abstérase.

O Sr. Martínez do PP expón a súa sorpresa pola urxencia do manifesto e sen estar totalmente a favor da redacción, di que o apoiarán.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que apoian o manifesto e reconece o traballo da Mesa pola Normalización Lingüística, expoñendo que o idioma galego necesita apoios.

O Pleno, coa abstención de TEGA, acorda aprobar a adhesión do citado manifesto.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Ás preguntas formuladas no pleno do mes de febreiro, á Presidencia contéstalle:

1º.- Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG :

*Ás preguntas sobre Protección Civil, di que actualmente hai dous operarios nese servizo e máis os voluntarios que colaboran co servizo, que se solicitou subvención para 15 peóns, pero que só concederán para 9 ou 10, que se necesitarán para establecer turnos (24 horas), tendo en conta ademais que xa se recibiu o camiión Bull.

*En canto ós monitores de turismo/deportes/tempo libre, que están a traballar na oficina de turismo no proxecto Ulla Elemental, no pavillón municipal e na ludoteca.

*Sobre dos lotes de Nadal, que son para entregar ós Alcaldes Pedáneos como única gratificación polo traballo realizado durante todo o ano.

*Sobre do saneamento de Tomonde, que se fixo unha pequena depuradora para solventar o problema e que se está pendente de que a Xunta execute o proxecto presentado no seu día para saneamento.

*En canto á limpeza das zonas comúns das casas de cultura do concello, que xa se está a facer e que falta concretar co servizo de limpeza ó facelo ordinariamente.

*Sobre da información no Boletín dos acordos plenarios, que se acepta a idea e que se incorporarán ó mesmo.

*En canto a colgar na páxina web do concello os Regulamentos e Otrdenanzas, que a citada páxina está sen rematar , pero que se fará tan pronoto sexa posible.

*Sobre da Edar de San Xián de Sales, que se pagaron as fincas e que a vindeira semana se continuarán coas obras

--Ás preguntas de don José Alvela de TEGA, a Presidencia contéstalle:

*Sobre do convenio coa gardería municipal, que se aprobou a prórroga o día 2 de xaneiro de 2007 por un periodo de catro anos , e que se está a xestionar con Vicepresidencia o pasar a gardería á Xunta .

*Sobre da inclusión na toponimia de San Miguel de Sarandón determinados lugares , que se fixeron máis peticións e que se pasaron á Axencia de desenvolvemento para que as incorpore.

*Sobre da concesión de licenza para un cerre en A Lagoa, que sobre do terreo non se observa ningún cerramento recente.

*En canto ó rogo para que se colocase unhas barreiras á altura da casa de Gerardo Mosquera no Bao, que se estudiou o tema, pero que de momento non se ve fácil solución dado que son terreos privados.

--Ás preguntas de don Carlos Martínez do PP, a Presidencia contéstalle:

*En canto ás conexións á rede de sumidoiros en San Xián de Sales, que se esperará a que entreguen a obra e que no seu momento se verá o tema.

*Sobre do ITV dos tractores, que fai uns anos se fixo, pero que despois e dado que viñan moi poucos tractores, deixaron de vir a Vedra

6º.- Rogos e Preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula as seguintes preguntas:

1ª.- En que situación está o proxecto do plan de sectorización, SUND-5 , da Madreira de Dozar?

2.ª- Cal é a situación do proxecto de reforma do campo da festa de San Miguel de Sarandón, dado que vostede quedou en convocar unha reunión para estudar as alegacións?

3ª- Na dúas últimas anualidades 2006-2007 solicitouse subvención para a contratación a xornada completa dun normalizador lingüístico, cómo se xustificaron?

--Don José Alvela de TEGA, formula dous rogos:

1º.- Rogo que se solucione o pequeno problema de saneamento que hai en Afós, que afecta a un par de vivendas.

2º.- En canto ó punto limpo que non se limite o peso cando se trate de materiais indivisibles.

--Don Carlos Martínez do PP, formula as seguintes preguntas e rogos:

Preguntas:

1.- ¿Cando se van a facer as obras da entrada á igrexa de San Xián, prometidas por vostede en campaña electoral?

2.- ¿Cómo está a situación dos parques infantís?

Rogos:

1º.- Rogamos se limpen as cunetas na aldea de Bazar en Trobe

2º.- Rogamos que por parte do Concello se reclame o Sergas para que no centro médico de Vedra, ou ben se retire o cristal instalado na zona de atención ó público e pacientes, ou ben se lle faga un burato a dito cristal no medio para que se poida falar con normalidade co persoal administrativo do Sergas, dado que agora ou ben se ten que agachar ou é imposible a comunicación.

3º.- Solicitamos o arranxo do camiño/pista de Barreiros en Illobre, desfeita polo paso de camións

4º.- Solicitamos se lle busque solución á auga que vai por encima da pista no cruce de Fontes na parroquia de Illobre

5º.- Dado que moitas das pistas do concello se están empezando a desfacer, rógase que se proceda a un plan de bacheo por todo o termo municipal

6º.- Solicitamos se coloque un taboleiro no lugar de Romarís en San Xián de Sales

7º.- Solicitamos que se remate a apertura da cuneta na pista de A Torre, en San Xián de Sales, xa que a auga segue a cruzar a pista e destrozándoa cada vez máis e que se procede ó seu arranxo nun próximo plan de obras

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos

